



3° C

TERROR NA CIDADE DE PONTEVEDRA

Ola! Son un esqueleto e hoxe vou a cidade de Pontevedra de viaxe con tres amigos, Mauricio a pantasma, a bruxa Agapita e o vampiro Augusto.

Eu preguntei a todos _ queredes participar na miña aventura?

_Espero que si, vamos amigos! _ Vale! dixeron todos.

Cando chegaron a Pontevedra asustáronse cos humanos e os humanos con eles. Pero enseguida coñeceron a Clèlia, unha nena de Pontevedra.

Ao día seguinte levounos de compras. Martín, o esqueleto, mercou leite porque ten moito calcio. Mauricio mercou sabas. Augusto mercou sangría, porque se parecía ao sangue e Agapita mercou maquillaxe para tapar as espullas.

Despois duns días agradables fóreronse todos a súa casa cos recordos da cidade e da súa amiga Clèlia.

O resto das súas vidas tiveron eses recordos felices e agradables.



CLÈLIA

A CASA EMBRUXADA

Había unha vez unha pantasma, unha bruxa, un vampiro e un esqueleto que decidiron visitar unha tumba. Unha nena chamada Larisa tamén foi por alí e atopou con eles.

Nese momento a pantasma dicía _que raro é isto, non dá medo! Entón dixo Larisa _Eu si dou medo, moito medo, Aaaaaaaaaa.

Despois dun tempo a nena preguntou _Queredes vir a miña casa? E todos eles dixeron _Siiiiiiiiiiiiiiiiiiii _Pois vamos! dixo Larisa.

Cando chegaron á casa da nena, que estaba moi noxenta e daba moito medo, ela preguntou _ Esta casa dá medo, non si? Todos dixeron _Siiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii. Pois agora tedes que limpala! _Non queremos! dixerón eles.

Entón a nena enfadouse e dixo _pois vouvos comer aos catro, ñañañañaña. _Non por favor, limparemos, limparemos, dicían eles chorando.

Ao final Larisa conseguiu o que quería, que lle fixeran a limpeza da súa casa GRATIS.



LARISA

O GRUPO DOS MELLORES AMIGOS

Había moito tempo un esqueleto saíu da tumba na noite do Samaín. O esqueleto, que se chamaba Salvador, foi cara a cidade, na cidade encontrou unha nena chamada Marina e preguntouelle _queres ser a miña amiga? _Claro que quero, dixo a nena.

Contaban que había unha bruxa malvada e eles decidiron ir a buscalá para matala. Ían polo camiño cantando:

Vamos a coller á bruxa,
a mataremos e seremos
os mellores amigos do mundo.

Ían cantando e bailando cando atoparon ao vampiro Marcellino que lles preguntou _Podo ser o voso amigo? _Claro que podes, dixerón Marina e Salvador.

Seguiron cantando os tres.

Cantando, cantando atoparon o castelo da bruxa, chamaron á porta, PUN,PUN,PUN... a porta abriu soa, eles entraron e atoparon á bruxa moi triste.

A bruxa dixo _quero ter amigos! Aos tres deullez tanta pena que lle dixerón _ti podes ser a nosa amiga!

E foron amigos para sempre.



MARINA

O ESQUELETO QUE QUERÍA ASUSTARME

Un día un esqueleto viu cara a min e puxen unha cara de requetemedo. Había unha bruxa ao meu lado que tiña unha vara máxica e mandou un feitizo máxico ao esqueleto. O feitizo foi tan forte que lle caeu un dedo e do dedo saía moito sangue. De súpeto chegou un vampiro a chuparlla, logo a pantasma tirouno ao chan. Pero ao final fixémonos todos amigos.

Cando espertei decateime que todo fora un soño.



ALEJANDRA

O ESQUELETO MEDICA

Érase unha vez un neno que vivía no 4º piso dun edificio de Nova York. Unha noite estaba na cama durmindo e apareceu un esqueleto no seu piso que quería matalo, pero o neno meteu un grito tan forte que o esqueleto asustouse e saíu correndo.


O esqueleto marchou á casa do vampiro e da bruxa, porque eran noivos, alí pediulle á bruxa que lle fixera unha apócema para matar ao neno.

O esqueleto volveu ao piso do neno coa apócema e viu ali unha pantasma e asustouse moito.

Sabedes quen era o neno?

Era eu!

E... todo fora un soño.



ANDRÉS

OS MONSTROS DE DIEGO

Érase unha vez un esqueleto que se chamaba Manolo Tam tam Tam. Manolo tiña tres amigos; Pepe a pantasma, a bruxa Pepa e o vampiro Momo. Todos eran cazadores de pulgas.

Un día atoparon a un neno chamado Diego o Terrorífico, este díolle que tiña moitas pulgas na súa casa, todos decidiron ir a casa de Diego.

A casa de Diego daba medo; había morcegos, pantasmas, bruxas e moitas pulgas, pulgas por todas partes.

Entón dixo Diego _agora ides cazar todas as pulgas!

E, que non quede ningunha!

_Que listo son, dixo Diego _xa teño quen limpe a miña casa

GRATIS!



DIEGO

UN CASTELO ABANDONADO

Un día fai moito tempo había un castelo abandonado. Unha nena, chamada Laura, un día decidiu ir a exploralo. Entrou e atopou un esqueleto sentado no sofá, estaba durmido enfronte da tele. A Laura entroulle moito medo cando espertou e díxolle que non fora á cociña porque alí estaba unha bruxa moi mala. Laura non fixo caso e seguiu andando e atopou dúas caixas, o esqueleto díxolle que non abriera as caixas porque nunha había unha pantasma e na outra un vampiro e que os dous saían ás 12 de noite cuns pasteis que facía a bruxa.

Laura díxolle ao esqueleto que quería ser amiga deles, bailar toda a noite e comer os pasteis con eles.

E así foi, fixéronse amigos e bailaron e comeron pasteis toda a noite.



LAURA

A CASA ENCANTADA

Érase unha vez unha noite de Samaín na que un neno chamado Luis foi a unha casa encantada. Na porta da casa había un esqueleto, el entrou igualmente porque era moi valente. O esqueleto foi detrás del e chamando a todos os seus amigos, unha pantasma, unha bruxa e un vampiro.

Luis pensou que era mellor marchar e cando deu a volta cara a porta os catro amigos metéronlle un susto tan grande que Luis saíu da casa como un foguete.



LOUIS

OS AMIGOS DO SAMAÍN

Mónica ía paseando cando atopou nun arbusto un esqueleto e preguntoulle _que pasa? O esqueleto díolle _vin unha bruxa voando cunha vasoira máxica. E de súpeto o esqueleto meteuille un susto a Mónica _Buuuuuuuuu! son unha pantasma, jajajajajaja!

Apareceu a bruxa e dixo _que pasa aquí? E por detrás apareceu o vampiro e dixo _vouvos cravar os cairos! E todos saíron correndo _ Aaaaaaaa! Socorrooooo!

O vampiro dicía _só estaba xogando, quero ser o voso amigo.

Mónica enfadouse e dixo _deixade de facer parvadas que vamos a chegar tarde á festa do Samaín.



MÓNICA

O SUSTO

Érase unha vez unha casa encantada. Alí vivía un esqueleto que nunca saía da casa, pero un día decidiu saír e atopouse cunha bruxa que lle dixo:

_ola! Seica estás só.

E o esqueleto díolle _si, moi só.

_Eu tamén estou soa, non teño amigos nin amigas, dixo a bruxa.

Decidiron entón ir a dar un paseo e atopáronse cunha pantasma que tamén estaba soa e preguntáronlle _Queres vir con nós? E a pantasma díolle _Si, claro!

Seguiron paseando e atopáronse cun vampiro que tamén estaba só. Preguntáronlle se quería ir con eles e díolle que si.

Unha nena chamada Noelia estaba xogando no parque moi entretida cando de súpito apareceron os catro amigos. Ela levou tal susto que áinda hoxe está correndo do medo.



NOELIA

PORTAL DO MEDO

Unha noite cando me levantei da cama fun cara á salita, ali atopei un portal que me tele transportaba a Skailans, un conxunto de illas que flotan sobre as nubes.

Nesas illas viven moitos monstros Chompis; un vampiro, que é como unha rata; unha señora morta, que é unha pantasma dunha bruxa que leva unha caveira dentro dunha bola de cristal.

O que mandaba era o esqueleto que os dominaba a todos. Corrían cara a min, e cando estaban a punto de collerme

... espertei!

Todo fora un soño.



DANIEL G.

ONDE ESTÁ A MIÑA TUMBA

Había unha vez un esqueleto que paseaba por un camposanto buscando a súa tumba. Encontrou a unha pantasma e preguntoulle:

_Sabes onde está a miña tumba?

_Non, non sei! dixo a pantasma.

Seguiu camiñando e atopou cun vampiro e preguntoulle:

_Sabes onde está a miña tumba?

_Non, non sei! dixo o vampiro.

Máis tarde atopou cunha bruxa e preguntoulle:

_Sabes onde está a miña tumba?

_Non, non sei! dixo a bruxa.

Logo encontrou a un neno e preguntoulle:

_Sabes onde está a miña tumba?


_Non, non sei! dixo o neno.

Pero como o neno era moi curioso preguntoulle ao esqueleto:

_Como te chamas?

_Chámome Jorge López Ga yoso, dixo o esqueleto.

_Anda! non sabía eu que estaba morto! dixo o neno.



JORGE

O MISTERIO DO ESQUELETO

Hoxe na casa do terror fixemos a festa do esqueleto. Á festa veu a pantasma Boo, a bruxa Piruxa, o vampiro Sangue, eu, que son Espectra, e moitos máis.

Cando estabamos na hora do baile vimos algo estranxo que se movía dun lugar a outro, decidimos perseguiilo para ver o que era.

De súpeto meteunos un susto de medo; era un esqueleto cheo de fariña e estaba pringando pegamento verde.

Saímos gritando -AAAaaa! e saímos correndo a dicirlo aos demais e do medo marcharon coma foguetes pola porta. Só quedamos nós mortiños de medo.

De súpeto volvemos a ver a sombra do esqueleto, todo era un misterio; aparecía, desaparecía, aparecía, desaparecía ...

Eu tiven unha idea _ por que non intentamos ser amigo del! Así xa non lle teremos medo, dixen.

Entón o chamamos _ esqueletooo, esqueletooo ...

O esqueleto veu moi amodiño, contounos que levaba anos encerrado nesa casa e que estaba sucio do lixo que ten.

O limpamos e o puxemos guapo, chamamos aos outros e todos nos fixemos amigos del para sempre. Montamos un club chamado "Samaín".

Por iso a festa que axiña ven chámase "Samaín".



LARA

O ESQUELETO E OS SEUS AMIGOS

Era o día do Samaín, un esqueleto ía de porta en porta pedindo doces pero ninguén lle daba nada porque os demás xa se levaran todo.

Os seus amigos e máis eu o buscamos por todo o pobo para compartir con el os nosos doces, nós tiñamos abondo para todos. Cando o atopamos démoslle case todos e quedou moi contento.

A pantasma e a bruxa enfadáronse co esqueleto. Decidimos entón marchar todos para casa, eu marchei co vampiro porque non tiñamos ganas de pelexas.

Ao día seguinte era o aniversario da bruxa, fixémoslle unha festa e pasámolo moi ben todos xuntos. O esqueleto fíxo un agasallo para a bruxa e outro para a pantasma. Gustoulles tanto que esqueceron o seu enfado. Todos fomos amigos para sempre.



LEYRE

OS SERES TERRORÍFICOS

Había unha vez un neno chamado Rubén que decidiu ir a unha casa encantada a cazar pantasma cunha rede.

De súpito apareceu enfrente del un esqueleto, ao seu lado derecho unha pantasma e un vampiro e, ao seu lado esquerdo unha bruxa. Os catro dixéronlle que ían a comelo.

O encerraron nunha gaiola para que non escapara, o esqueleto era o que tiña a chave porque era o xefe, a gardaba no seu peto.

O peto da chaqueta do esqueleto tiña un burato e a chave caeu ao chan. Rubén, que tiña uns brazos moi longos, colleu a chave, abriu a gaiola e conseguiu escapar sen que ningún deles se decataran.



RUBÉN

A BRUXA MALDITA

Había un neno que sempre chegaba tarde á escola porque ía paseando polo pobo e cando chegaba á clase seus compañeiros xa fixeran moitas cousas.

Unha noite decidiu ir á escola para rematar todo o que non tiña feito. Cando chegou a clase atopouse cunha bruxa que lle botou un feitizo.

Unha noite era vampiro e outra noite era pantasma.

O neno cando de ser vampiro unha noite e pantasma outra decidiu, a noite que era pantasma, matar á bruxa.

Pasados uns días o neno foi buscar leña ao monte e atopou a casa da bruxa. Dentro había moitas pantasmas, moitos vampiros e outra bruxa.

Como a bruxa estaba enfadada co neno decidiu collelo como escravo e toda a súa vida foi pantasma unha noite e vampiro outra, pantasma unha noite e vampiro outra, pantasma unha noite e vampiro outra ...



SAMUEL

O MISTERIO DO ESQUELETO

O colexio de Campolongo tiña un misterio, o esqueleto da clase de 3ºC sempre desaparecía e os nenos xa estaban fartos de buscalo.

Un día reuníronse no recreo todos para falar do misterio. Diego preguntou _que puido haberlle pasado ao esqueleto? Un neno dixo _ao mellor está na casa que hai ao final da vila porque sempre se escoita Uuuuu,uuuuu! Entón dixo Marta _nesa casa viven pantasmas, bruxas e vampiros.

Decidiron ir todos alí e atoparon aos nenos da escola que estaban disfrazándose para o Samaín e levaran ao esqueleto para meter medo.



MARTA

O CASTELO DAS DEZ MIL MORTES

Érase unha vez un neno chamado Miguel que tiña medo á escuridade. Un día colleu a lanterna e saíu da súa cama, foi amodiño, abriu a porta do salón e de súpeto viu unha pantasma e saíu correndo cara a habitación do seu irmán. Mirou polo burato e na ventá había unha bruxa voando. Do medo Miguel volveu á cama e durmiuse.

Apareceu un vampiro e levouno a un castelo. Cando se fixo de día estaba no castelo e botouse a dormir de novo co medo que tiña.

Cando se fixo de novo de noite chegou un esqueleto, sacouno do castelo, o levou de novo a súa cama e meteu con Miguel a dormir para protexelo.

Dende entón Miguel e o esqueleto son moi bos amigos.



MIGUEL

O ESQUELETO AMIGABLE E OS SEUS AMIGOS

Érase unha vez un esqueleto moi amigable que sempre era feliz. Tiña moitos amigos, pero seu soño era ter unha amiga humana. Os seus amigos, a pantasma Carlos, a bruxa Amanda e o vampiro James dixéronlle que non podía ter unha amiga humana.

O esqueleto, que era moi teimoso, non fixo caso e decidiu buscar unha amiga humana. Encontrou a unha nena moi boa chamada Rocío e preguntoulle se quería ser a súa amiga. Ela sorprendeuse da pregunta pero díxolle que si, o esqueleto púxose tan contento que non deixaba de saltar de alegría.

Desde ese día todos aprenderon que hai que fazer amigos de todo o mundo. Por moi tímido que sexas hai que fazer novos amigos e amigas e querelos para sempre.



ROCÍO

A CLASE MORTA

Un día a miña mestra apagou a luz da nosa clase e converteuse nunha bruxa , meu compañoiro Jorge nun vampiro, Lara nunha pantasma e Leyre nun esqueleto. De súpito todos desapareceron.

Eu recorrín toda a cidade ata que cheguei ao cemiterio e alí estaban os catro. Decidiron ir alí porque era o Samaín.

Decidín collelos, intentaba e intentaba pero non podía porque ían moi rápidos saltando de tumba en tumba. Por fin collín a miña mestra, logo a Jorge, despois a Leyre e por último a Lara.

Volvín a clase con eles porque tiña que salvalos. Ía polo camiño pensando que poder facer. De súpito veume á cabeza que se acendía a luz todos volverían a ser os que eran.

Acendín a luz e... todo volvío a normalidade.



YAGO

O ESQUELETO E A SÚA AMIGA YOLANDA

Érase unha vez un esqueleto que vivía nunha casa abandonada. Un día viñeron os obreiros a derrubala e o esqueleto marchou en busca doutro fogar.

Encontrou outra casa, entrou e tombouse a durmir. Cando espertou estaba na casa dunha nena que se chamaba Yolanda.

—Que xoguetes tan raros ten esta rapaza, dicía o esqueleto.

Yolanda tiña unha bruxa de peluche, unha pantasma de papel e un vampiro de plastilina. O curioso era cos xoguetes pola noite, cando todos durmía, convertíanse nunha bruxa de verdade, nunha pantasma de verdade e nun vampiro de verdade.

Cando o esqueleto deuse conta da maxia dos xoguetes da nena decidiu buscar outra casa abandonada.

E sabedes por que?

Porque o noso amigo o esqueleto era un medorento.



YOLANDA

O ESQUELETO QUE NON QUERÍA ASUSTAR

Fai moitos anos un esqueleto chamado Osiños vivía cos seus pais nunha terra chamada Pontesusto. Tiña só 6 anos cando seus pais obligárono ir á escola "SABER SUSTOS" na rúa Sustón.

O primeiro día ía todo contento cando decatouse que ía a unha escola a aprender a facer sustos, e pensou _O... non! _Eu non quero ir a esa escola!

Pasados moitos anos o esqueleto Osiños fa todas as noites, moi triste, a asustar cos seus tres amigos, que foron a mesma escola, aos nenos e nenas.

Unha noite a súa amiga a bruxa Maruxa dixo_ xa estou farta de asustar!
_Eu tamén, dixo o vampiro Paco _e eu, dixo a pantasma.

Entón Osiños dixo_ teño unha idea! Mañá buscaremos a unha nena que queira ser a nosa amiga.

E así foi! Osiños coñeceu a unha nena chamada María, tiña a súa mesma idade e fixolle moita ilusión ser amiga deles.

Partiron os cinco amigos cara a Pontesustos, e... falando, falando romperon esa regra de asustar aos humanos.

Pero o máis interesante da historia é que pasado o tempo a bruxa, o vampiro e a pantasma casaron con humanos e o esqueleto Osiños casou con María, tiveron moitos fillos, foron felices pero non comeron perdices, porque tamén eran as súas amigas.



MARÍA

O ESQUELETO AMADOR

Había unha vez un esqueleto que vivía nun pobo de Pontevedra. Todo o mundo o apreciaba menos a bruxa, a pantasma e o vampiro.

Un día o esqueleto sentiuse mal e enfermou. Todo o mundo ía a visitalo menos a bruxa, a pantasma e o vampiro.

O esqueleto despois dun tempo curouse. Como non aguantaba máis que o quixeran tanto decidiu coller un avión e marchar para tranquilizarse.

Os habitantes do pobo choraban noite e día, choraban sen parar porque xa non tiñan a quen querer.

Un día decidiron dar todo ese cariño á bruxa, á pantasma e ao vampiro.

Así puxéronse felices de novo todos e comeron perdices.



ADRIANA

O CLUB DOS MONSTROS

Érase unha vez un club de monstros, o seu presidente era Don Esqueleti Do Óso, e os seus amigos do club eran a pantasma Crisbrei, o vampiro Drácula e a bruxa Matilda.

Un día un neno chamado Daniel internouse no cemiterio; os membros do club asustáronse ao ver unha persoa estraña tan preto deles, decidiron entón perseguiolo.

Co medo saíu correndo. Corría e corria, non atopaba a saída, e de súpito ... o pillaron!

O neno choraba co medo _guaaaaaaaaaa, guaaaaaaaa! pero eles, que eran uns monstros bos, fixéronse amigos de Daniel.

Pasado o tempo Daniel foi un dos monstros do "CLUB DOS MONSTROS".



DANIEL C.



